



DOUS RETRATOS DO PINTOR ENRIQUE PULLEIRO DÍAZ (1833-1898)

M^a Ángeles Tilve Jar

En 2021 o Museo de Pontevedra adquiriu unha parella de retratos da autoría do pintor coruñés Enrique Pulleiro Díaz. De formato oval e pequenas dimensións, mostran a dous personaxes burgueses de identidade descoñecida, un home e unha muller representados de busto e recortados sobre un fondo neutro, que o artista asina en 1876 e 1877 respectivamente¹.

Ambos os dous óleos, nos que con debuxo preciso Pulleiro coida a representación realista das fisonomías concentrándose en captar sutilmente a expresión dos protagonistas, son característicos exemplos do retrato realista burgués de moda na época. Son retratos sobrios nos que os personaxes, con mirada intensa e xesto distante, miran ao espectador. Fronte á sinxeleza do masculino, o retrato da muller mostra un minucioso tratamento dos accesorios que enriquecen a súa indumentaria, como a gran chorreira de encaixe que colga do escote do seu vestido gris e o sofisticado tocado suxeito con broche de lazo e peite que adorna o seu peiteado. Tamén o vistoso aderezo romántico de ouro, formado por uns pendentos de filigrana de tres corpos e un medallón colgante axustado ao pescozo cunha cinta negra de veludo ou raso, xoias que poñen de manifesto a elevada posición social da retratada.

A incorporación destas pinturas permítenos recuperar a figura dun artista galego esquecido pola historiografía, que ata o de agora non se atopaba representado na colección do Museo, do que se coñecían poucas noticias biográficas e tamén escasas obras².

¹ *Retrato de cabaleiro* (óleo/ lenzo, 31 x 26,5 cm; asinado e datado: E. Pulleiro/1876) e *Retrato de dama* (óleo / lenzo, 31 x 27 cm; asinado e datado: E. Pulleiro/1877). Procedentes dunha colección particular, ingresaron o 10 de marzo de 2021. Á súa chegada os lenzos presentaban un regular estado de conservación e foron restaurados por Mercedes del Campo Lores, restauradora do Museo de Pontevedra.

² Entre outras, a titulada *Romería en Garándanos*, un óleo sobre lenzo de 35 x 48 cm, que saíu á venda en 1995 nunha poxa madrileña (*Fernando Durán*, Madrid, 21 de marzo de 1995, lote nº 179).





Nacido na Coruña en 1833, Enrique Pulleiro Díaz iniciou a súa formación artística na Escola de Belas Artes da Coruña onde foi discípulo de Juan Pérez Villaamil. Baixo a dirección deste realizou en 1858, xunto con outros alumnos como Yáñez Bordoy e Daniel Ponte, a escenografía que Villaamil deseñara para a representación de *Los Mayares*, unha obra estreada pola compañía Variedades no Teatro de San Jorge da súa cidade natal³.

Uns anos antes, en 1855, ingresara na administración pública comezando cun modesto destino no ramo de contabilidade de Facenda. Cos anos ía ascendendo no escalafón ata ocupar desde 1862 a 1870 o posto de Oficial da Contaduría de Facenda da Coruña⁴. Posteriormente, en febreiro de 1870, trasládase á illa de Cuba para tomar posesión do cargo de contador da aduana de Santiago de Cuba⁵. Con todo, cos vaivéns políticos do período, pronto

determina a buscarse a turo dunha vacante ofi- o obrigará a subsistir pada na illa caribeña tros oficios e onde cionando os seus

Despois regresa cara a 1873 se esta- mente como pintor. dicarse á escenografía⁶, sionais habituais para os contaban con programación oportunidade que supoñía o interese da burguesía local pola pintura. Nesta época, a



será declarado cesante, o que o vida sen depender no fu- cial, unha situación que durante unha tem- dedicándose a ou- continuará perfec- dotes artísticos.

á Coruña, onde blece definitiva- Aquí, ademais de de- unha das saídas profe- artistas nas cidades que teatral estable, aproveitou a

³ *El Fomento de Galicia*, 14 febreiro 1858, p. 1.

⁴ *Gaceta de Madrid*, nº 87, 28 de marzo de 1866.

⁵ *El Imparcial* (Madrid), 2 de marzo de 1870.

⁶ *Revista Gallega*, nº 192, 13 de novembro de 1898, p. 6





burguesía acomodada, interesada en reproducir os gustos estéticos das elites aristócratas do pasado, decora as súas residencias con pinturas que lles permiten evidenciar a súa posición social, o que se traduce en encargos variados e frecuentes que permitirán ao artista vivir do seu oficio. Para servir ao gusto da súa clientela, cultivará xéneros diversos, como a paisaxe e os asuntos costumistas, a pintura relixiosa e tamén o xénero burgués por excelencia, o retrato. De feito, unha das primeiras obras que pinta acabado de chegar á cidade será o *Retrato de José Castro Rodríguez*, entón párroco de Sigrás (A Coruña)⁷.

En 1875 participa na Exposición Regional Gallega celebrada en Santiago de Compostela onde expón varios cadros de paisaxe e escenas costumistas galegas, como *Punta de la torre en A Coruña* e *Una romería en Galicia*, ademais dos óleos titulados *Una marina en América* e *Vista de Constantinopla*⁸.

En 1878 participará tamén na sec-

ción de Belas Artes da Exposición Local de Coruña na que presentou vinte e oito lenzos, entre os que a crítica da época destaca, ademais da súa carreira como copista, os orixinais titulados: *La castellana de Sigrás*, *Unos juvenecianos*, *La entrada rinda*⁹. Nesta mostra, na que participaron tamén artistas premiados como Carmen Basilio, Francisco Couguisasola, Enrique Pulido e Federico leiro será distinguido con diploma e medalla de honra e mérito, o mesmo galardón que tamén alcanzan Ramón Buch e Antonio Jaspe Moscoso¹⁰.



ción de Belas Artes da Exposición Local de Coruña na que presentou vinte e oito lenzos, entre os que a crítica da época destaca, ademais da súa carreira como copista, os orixinais titulados: *La castellana de Sigrás*, *Unos juvenecianos*, *La entrada rinda*⁹. Nesta mostra, na que participaron tamén artistas premiados como Carmen Basilio, Francisco Couguisasola, Enrique Pulido e Federico leiro será distinguido con diploma e medalla de honra e mérito, o mesmo galardón que tamén alcanzan Ramón Buch e Antonio Jaspe Moscoso¹⁰.

⁷ Couselo Bouzas, J.: *La pintura gallega*, La Coruña, 1950, p. 113.

⁸ Ossorio y Bernard, M.: *Galería biográfica de artistas españoles del siglo XIX*. Madrid: Imprenta de Moreno y Rojas, 1883-1884, p. 559; *El Telegrama*, 29 de xuño de 1875, p. 1; *El Ejemplo*, 22 de agosto de 1875, p. 1.

⁹ Miranda Suárez de Fuga, R.: *Crónica de la Exposición local celebrada en La Coruña en 1878*. Coruña: Establecimiento tipográfico de V. Abad, 1878, pp. 11-13, 35.; Ossorio y Bernard, M., *op. cit.*, p. 559.

¹⁰ *El Telegrama*, 18 de outubro de 1878, p. 3.





Durante a década de 1880 a súa situación económica era bastante desafogada, o que lle permite participar como elector nos sufraxios para Deputados provinciais pola Coruña¹¹. Por estes anos, exhibe frecuentemente as súas obras nos escaparates comerciais da cidade herculina, como o da Litografía Roel, situada no nº 54 da rúa Real, onde en 1885 expón *Dolorosa*, bo exemplo do xénero relixioso que o artista tamén cultivaba como copista e entre as que destacaba unha celebrada réplica do Cristo de San Plácido de Velázquez¹². Tamén en 1888, cando expón catro lenzos de temática galega no luxoso escaparate de Los Chicos, outro dos máis importantes comercios da céntrica rúa coruñesa¹³. Estas exposicións en escaparates, debido a carencia de espazos expositivos estables, eran neste último cuarto do século XIX un recurso habitual na maioría das capitais de provincia españolas para permitir aos artistas locais dar a coñecer os seus traballos e atraer a unha potencial clientela.

En 1891 permanece unha tempada en Lugo onde realiza unha serie de retratos familiares que a prensa destaca pola corrección do debuxo e o exacto parecido dos retratados¹⁴. De regreso na Coruña, de novo serán frecuentes as súas exposicións nos escaparates comerciais da cidade, como a que realiza en maio de 1893 en Roel. Nesta ocasión, mostrará unha ducia de cadros de temática diversa entre os que destacou o titulado *Salvado*, unha paisaxe cuns paxaros escuros en primeiro termo que o artista sinalou como *párvulos do norte*, rectificando a errónea identificación achegada por algúns críticos que describiran equivocadamente as aves como *auras tiñosas*¹⁵.

Durante esta última década do século, Enrique Pulleiro frecuenta tamén os círculos e faladoiros artísticos coruñeses, entre outros o que se reúne ao redor de Urbano González Varela, dá que formaban parte os novos pintores José Gómez Naya, Eduardo Villardefrancos, Julio Lozano ou Francisco Lloréns. Desde 1895 participaría tamén das

¹¹ *Boletín Oficial de la Provincia de La Coruña*, nº 142, 20 de decembro de 1881, p. 5.

¹² *Gaceta de Galicia*, 23 de abril de 1885, p. 2.

¹³ *Diario de Avisos de La Coruña*, 28 de maio de 1888, p. 2.

¹⁴ *El Regional*, 20 de outubro de 1891, p. 3.

¹⁵ *Diario de Avisos de La Coruña*, 10 de maio de 1893, p. 2.





reunións que se celebran no taller fotográfico de Enrique Teijeiro onde coñece a Ovidio Murguía de Castro quen desde o ano anterior residía na cidade¹⁶.

En maio de 1896 presenta, de novo no escaparate de Roel, o *Retrato de José Pulleiro*, o seu irmán. Cunha brillante carreira militar, José Pulleiro era por entón comandante de Infantería e estaba destinado no Batallón de Luzón en Cuba. Por este motivo o pintor represéntao vestido co característico *rayadillo*, o uniforme regulamentario para as tropas españolas que servían nas colonias do Caribe, confeccionado de tea branca en fío listado de cor azul.

A exposición deste retrato coincidirá no tempo coa que no mesmo lugar realizan Gomersindo Pardo Reguera, quen expón varios retratos, e Ovidio Murguía con varias paisaxes¹⁷, e é a última que se documentou ata o de agora do artista antes do seu falecemento, acaecido na Coruña o 30 de outubro de 1898¹⁸.

¹⁶ Tilve Jar, M^a. A.: "Ovidio Murguía de Castro. El paisajista de la Generación Doliente" en *Ovidio Murguía*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2001, pp. 30-36.

¹⁷ *Revista Gallega*, nº 63, 17 de maio de 1896, p. 5-6.

¹⁸ *Revista Gallega* nº 191, 6 de novembro de 1898, p. 3.

